



Nº Expediente: 2017/C005/000004

Asunto: Contratación de MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO VELLO DE CEDEIRA. FCA 2017

MESA DE CONTRATACIÓN (1)

ACTA DE CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN **ADMINISTRATIVA** (SOBRES A), E SI PROCEDE, APERTURA DOS SOBRES B (REFERENCIAS TÉCNICAS) DO SEGUINTE CONTRATO :

Obra/Subministro: MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO VELLO DE CEDEIRA. FCA 2017

Importe de licitación: 30.250,00 € IVE incluído (Prezo sen IVE 25.000,00 €; IVE 5.250,00 €)

ASISTENTES

PRESIDENTA:

Dona MaríaJosé Rodríguez Pérez, alcaldesa acctal.

VOGAIS:

Don José Camilo Casal García, concelleiro

Don Antonio Rodríguez Fabello, arquitecto municipal

Dona María del Mar Antón Brage, secretaria acctal. do Concello

Don Jorge Vidal Zapatero, interventor municipal

SECRETARIA:

Dona M^a Montserrat Pérez Garrote, funcionaria do Concello.

No Salón de plenos do Concello de Cedeira (A Coruña), ás 10:45 horas do mércores 6 de setembro de 2017, constitúese a Mesa de Contratación integrada da forma sinalada, co obxecto de proceder á cualificación da documentación xeral (sobres A) presentados no procedemento para adjudicar o contrato anteriormente citado.

Segundo se desprende da busca efectuada no sistema informático de rexistro xeral de entrada e saída de documentos, presentáronse para tomar parte na licitación da "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NO CASCO VELLO DE CEDEIRA. FCA 2017", as seguintes empresas:

- TEI LUGO INSTALACIONES, S.L. (fax de 30.08.2017, R.E. 4429) e sobres A, B e C de 31.08.2017, R.E. 4447
- ELECTRIC CURTIS, S.L. (fax de 01.09.2017, R.E. 4474) e sobres A, B e C de 04.09.2017, R.E. 4488
- JOSÉ LUIS MARTÍNEZ RIVAS: sobres A, B e C de 04.09.2017, R.E. 4501
- HALLMANN ENERGIE, S.L. (fax de 04.09.2017, R.E. 4502) e sobres A, B e C de 05.09.2017, R.E. 4523

A continuación, A Mesa procede á calificación previa dos documentos presentados en tempo e forma; para o cal o Presidente ordena a apertura dos sobres **A**, que fan referencia á "Documentación administrativa ", resultando o seguinte:

- A documentación presentada por todas as empresas licitadoras é correcta.

A continuación o Sr. Presidente ordena a apertura dos sobres "**B**" (Referencias técnicas) das empresas participantes na licitación.



Obsérvase que o licitador José Luis Martínez Rivas non presenta a documentación técnica en formato dixital.

A Mesa acorda:

1º.- Requirir ao licitador José Luis Martínez Rivas a presentación da documentación técnica contida no sobre "B" en formato dixital no prazo máximo de 3 días.

2º.- Remitir a documentación de todos os sobres "B" ao redactor do proxecto, solicitando a emisión de informe técnico de valoración.

3º.- Reunirse de novo para comprobar a valoración técnica e continuar coa apertura dos sobres "C".

4º.- Publicar a presente acta na páxina web do Concello de Cedeira.

A presidenta dá por rematada esta sesión ás 11:10 h. do expresado día, e estendo de todo isto a presente acta, do que eu, secretaria da Mesa, dou fe.